


**MEMORIA DE
SOSTIBILIDADE**

COGAMI
EMPRESARIAL



COGAMI
EMPRESARIAL

ÍNDICE



01. Carta do Presidente	4
02. Carta do Conselleiro Delegado	6
03. Que queremos compartir con vós	9
04. COGAMI Empresarial	11
4.1 Principais cifras	13
4.2 As nosas Unidades de Negocio	15
4.2.1 Galega de Economía Social	16
4.2.2 Dixardín	17
4.2.3 Coregal	19
4.2.4 Trameve	21
4.2.5 Cualicar	22
4.2.6 Grafínco	23
4.2.7 Accede Social	24
4.2.8 Integratex	25
4.2.9 Hornos de Lamastelle	26
4.3 Unha visión xeral do ano para COGAMI Empresarial	28
4.4 Algúns dos momentos máis destacados	30
4.5 Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI: un tempo novo que pon o foco na sostibilidade social, económica e ambiental	31
4.6 Dixardín é exemplo de compromiso coa dinamización comunitaria a través da xestión dos Hortos Urbanos do Paseo do Rato en Lugo	32
4.7 Accede Social continúa co servizo de transporte adaptado do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e aposta pola igualdade promocionando a inclusión de mulleres no equipo de condución	33
4.8 Grafínco amplía o seu Catálogo de produtos apostando polo <i>packaging</i> de pequeno formato, baixo criterios de calidade e competitividade	34
4.9 30 anos de Coregal: avanzando cara á modernización mediante a eficiencia e dixitalización da xestión de residuos	35
4.10 Hornos de Lamastelle contou co apoio da Fundación Carrefour para mellorar a eficiencia dos seus procesos de fabricación	36
05. As nosas persoas	37
5.1 Emprego e diversidade, principais cifras	39
5.2 Creación de emprego e novas oportunidades	40
5.3 Alto impacto nos colectivos máis vulnerables	43
5.4 Formación	44
5.5 Igualdade de xénero	46
5.6 Seguridade e Saúde	47
06. Gobernanza	49
6.1 Órganos de goberno	50
6.2 Organigrama	51
6.3 Ética e bo goberno	52
6.4 Aspectos materiais	54
07. Contribuímos a xerar valor	57
7.1 Grupos de Interese	58
7.2 Rede de creación de valor	61
7.3 2023 : un ano de actividade social	62
7.4 O noso compromiso ambiental	64
7.4.1 Medir para poder mellorar	67
7.5 Contribuíndo aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible	69
08. Principios sobre os que se asenta esta Memoria	73
09. Anexos	77
9.1 Peso específico dos aspectos materiais segundo a Unidade de Negocio	78
9.2 Convenios laborais de aplicación en COGAMI Empresarial	79
9.3 Datos adicionais	80
9.4 Requisitos Lei 11/2018 EINF	87
9.5 Índice de indicadores GRI	95

01

CARTA DO PRESIDENTE

Estimadas amigas e amigos:

Deixamos atrás un ano 2023 intenso, no que se abordaron moitos retos e estivemos presentes nunha activa incidencia social e política velando e reclamando que se cumpran os dereitos das persoas con discapacidade en Galicia en eidos como a educación inclusiva, o apoderamento das nenas e mulleres con discapacidade, a humanización do sistema sanitario ou o acceso ao emprego e creación de oportunidades laborais, entre outros. E sempre buscando traballar na dirección do noso Propósito, a plena inclusión das persoas con discapacidade.

Neste sentido, durante o 2023 comezamos a dar os primeiros pasos para acometer o novo Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI, unha folla de ruta con catro eixos de actuación que nos permitan continuar avanzando en reforzar



Anxo Queiruga, presidente de COGAMI Empresarial

[2-23-a]

a sostibilidade social e ambiental das nosas actividades; a sostibilidade financeira; a evolución dunha carteira de servizos acorde ás necesidades das persoas; e a xestión das persoas, atraendo e retendo talento na nosa Organización.

Estou seguro de que nesta dirección continuaremos sendo unha entidade de referencia no eido da inclusión en Galicia e un dos actores destacados da Economía Social na nosa Comunidade. Un proxecto do que xa formamos parte máis de 1.100 persoas, entre profesionais dedicados a dar servizo e apoio a persoas usuarias e a entidades locais, e o persoal traballador das nosas empresas.

Xa no plano empresarial, ao que se refire esta Memoria, que recolle información e feitos destacables dos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social que conforman COGAMI

Empresarial remarcar que a diversidade, un dos grandes adxectivos en positivo dentro da nosa Organización, segue a ser unha das nosas grandes fortalezas. A pluralidade de sectores nos que traballamos permite consolidar un ano máis a Misión que nos encomendamos: a creación de emprego como principal ferramenta para a inclusión a través dun modelo empresarial sostible e competitivo.

Co afán de seguir mellorando, estamos tamén realizando importantes esforzos dirixidos á transformación dixital dos nosos procesos e á integración da sostibilidade ambiental en todas as nosas actividades, co fin de continuar aportando valor e contribuíndo á xeración de riqueza na nosa contorna.

Para rematar, comprácame compartir con todas e todos esta Memoria que visibiliza o compromiso do equipo de COGAMI Empresarial en aportar

a unha sociedade máis inclusiva e sostible, e anímovos a coñecer o traballo realizado, agradecendo a confianza depositada por todas e todos vós na nosa Organización.

Unha aperta,

Anxo Queiruga Vila.

**Presidente de Galega de Economía Social-
COGAMI Empresarial.**

“A diversidade, un dos grandes adxectivos en positivo dentro da nosa Organización, segue a ser **UNHA DAS NOSAS GRANDES FORTALEZAS**”

02

CARTA DO CONSELLEIRO DELEGADO

Queridas amigas e amigos:

Nesta segunda ocasión en que me dirixo a vós, quero comezar expresando o meu sincero agradecemento polo apoio e compromiso que todas e cada unha das persoas de COGAMI Empresarial amosastes ao longo deste último ano. O voso esforzo diario é fundamental para o noso éxito continuo e para a consecución dos nosos obxectivos comúns.

Desde que asumín o cargo de conselleiro delegado en agosto de 2022, foron moitos os desafíos que tivemos que afrontar. Con todo, grazas á determinación e ao traballo incansable de todas e todos vós, seguimos avanzando con paso firme cara a unha sociedade máis xusta e inclusiva. O noso compromiso coas persoas con discapacidade segue sendo a nosa guía e razón de ser, e cada paso que damos en beneficio desta comunidade é un motivo de orgullo.

[2-23-a]

O pasado ano 2023 estivo marcado por numerosos retos, entre eles os continuos cambios lexislativos, económicos e sociais que impactaron en todos os sectores nos que operamos. A pesar destas dificultades, demostramos unha vez máis a nosa capacidade de adaptación e resiliencia. A diversidade sectorial, lonxe de ser un impedimento, convértese nunha das nosas maiores fortalezas, permitíndonos equilibrar e compensar as dificultades que poidan xurdir en determinadas áreas.

Quero destacar especialmente os logros acadados no último ano. Varias das nosas empresas conseguiron expandirse e crear novos postos de traballo grazas á renovación e consecución de contratos clave, tanto con entidades públicas como privadas. Este éxito non sería posible sen o apoio e a confianza depositada en nós polas Administracións



Victor Silva, conselleiro delegado de COGAMI Empresarial

Públicas e as empresas privadas que cren no noso proxecto e na nosa Misión. A colaboración con estes socios segue sendo esencial para fortalecer o noso impacto social e económico.

Neste 2023 comezamos tamén unha nova etapa marcada polas liñas estratéxicas definidas no Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI, das que quero destacar: seguir traballando pola atracción e retención de talento, apostando por modelos de xestión centrados na persoa traballadora; reforzar o noso compromiso coa sostibilidade ambiental, fundamental para afrontar os retos da actualidade; e manter e consolidar o equilibrio económico e a competitividade das nosas actividades a través da diversificación, a transformación dixital dos procesos e a mellora continua.

O noso obxectivo persoal e profesional segue sendo que todas as persoas que formamos

parte de COGAMI Empresarial nos sintamos partícipes destes obxectivos e camiñemos xuntas cara a súa consecución. A Memoria que acompaña esta carta é un reflexo do noso compromiso coa transparencia e coa nosa realidade social e empresarial. Nela, non só se detallan os nosos logros empresariais, senón tamén os impactos e relacións positivas que buscamos xerar na nosa contorna.

Quero rematar esta carta reiterando o meu agradecemento a todas e todos vós. Estou convencido de que, co voso apoio continuo, seguiremos construíndo un futuro máis inclusivo e xusto para todas e todos.

Unha aperta,

Víctor Silva Suárez.

Conselleiro delegado de COGAMI Empresarial.

“Grazas á determinación e ao traballo incansable de todas e todos vós, seguimos avanzando con paso firme cara a unha **SOCIEDADE MÁIS XUSTA E INCLUSIVA.**”





CAPÍTULO

Que queremos
compartir
con vós

QUE QUEREMOS COMPARTIR CON VÓS

Como xa é costume, dende COGAMI Empresarial (denominado nesta Memoria tamén como Grupo empresarial) temos o pracer de compartir con vós a traxectoria e os aspectos máis relevantes que marcaron o devir das nosas empresas durante o ano 2023.


Neste senso, esta Memoria de Sostibilidade¹ é un exercicio de transparencia e rendición de contas co obxectivo de proporcionar información aos nosos Grupos de Interese, así como ofrecer unha perspectiva integral do que é COGAMI Empresarial e as iniciativas que o compoñen, confluindo aspectos económicos e de modelo de negocio, con outros que reflicten a nosa Misión

e impacto social, aspectos de bo goberno e o traballo que se está a realizar á hora de controlar e xestionar o impacto ambiental das nosas actividades.

Por sexto ano consecutivo elaboramos este tipo de reporte anual, sendo o segundo ano sucesivo que é auditado e presentado no Rexistro Mercantil xunto ás nosas contas anuais. Deste xeito, é o noso compromiso traballar, ano a ano,

para ofrecer de maneira accesible información de interese e relevancia sobre as nosas actividades, axustándonos aos principais estándares e requirimentos existentes².

Confiamos que a través destas páxinas poidas coñecer máis sobre este gran proxecto que continúa aportando valor e xerando oportunidades de emprego no marco da Economía Social de Galicia.



Ante calquera cuestión relativa á información e datos contidos nesta Memoria, podes contactar con nós en:

ges@galegadeeconomiasocial.gal

¹ - Esta Memoria de Sostibilidade foi revisada e aprobada polo Consello de Administración do Grupo COGAMI Empresarial en xullo de 2024, atendendo ao requirido pola Lei 11/2018 de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade.

² - Como Grupo empresarial, esta Memoria de Sostibilidade está auditada en base aos requirimentos que recolle a Lei 11/2018 sobre Información non financeira e diversidade, e xa traballamos por confluír cos aspectos expostos na Directiva (UE) 2022/2464 sobre a presentación de información sobre sostibilidade por parte das empresas.

[2-2-c, 2-3-a, 2-3-b, 2-24-a]



CAPÍTULO

COGAMI

Empresarial

COGAMI EMPRESARIAL

Hai máis de trinta anos xurdiu a **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)**, denominada tamén como Organización ao longo desta Memoria de Sostibilidade, resultado do impulso do movemento asociativo en Galicia e cun Propósito claro: conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade. Este é o obxecto do noso traballo e compromiso. Un dos piares para acadar esta Misión é o emprego como ferramenta fundamental para favorecer a inclusión e a creación de valor social.

Deste xeito, no transcurso dos últimos 30 anos, COGAMI impulsou diferentes iniciativas empresariais que, a día de hoxe, son exemplo de solvencia e profesionalidade, conformando COGAMI Empresarial.


Este **Grupo empresarial** está integrado por 9 proxectos empresariais que, a través do esforzo conxunto, buscan contribuír na construción de comunidades máis diversas, inclusivas e sostibles, apostando polo emprego local e o

coidado da contorna. Todas estas iniciativas están cualificadas como **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS)**, e operan en sectores tan heteroxéneos como o medio ambiente, o *retail* téxtil, as artes gráficas, a industria alimentaria ou o transporte adaptado.

O ámbito territorial no que operan principalmente as nosas empresas é Galicia, porén, varias delas

teñen presenza no mercado nacional e tamén nalgúns países da nosa contorna.

Ademais, dende COGAMI Empresarial, tamén participamos e colaboramos activamente en agrupacións e asociacións vencelladas á Economía Social como a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) ou o Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal).




Os **Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social (CEEIS)** forman parte do que se coñece como Economía Social, sendo un dos principios reitores a primacía das persoas e do fin social sobre o capital. Un CEEIS debe:


- Realizar unha actividade produtiva de mercado, asegurando **un emprego remunerado para as persoas con discapacidade**.
- Ter, como mínimo, un **70 % de persoas con discapacidade** no seu cadro de persoal.
- Estar promovidos e participados en máis dun **50 % por unha entidade sen ánimo de lucro ou de carácter social**.

4.1

PRINCIPAIS CIFRAS



PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE



80 % CONTRATOS INDEFINIDOS

541

Persoas traballadoras

152

Mulleres

389

Homes

6

Nacionalidades

9

Iniciativas empresariais


22

Centros de traballo distribuídos por Galicia

PRINCIPAIS CIFRAS ECONÓMICAS DE
COGAMI EMPRESARIAL CONSOLIDADAS

24.534.589,68 €	23.261.251,58 €
Cifra de negocio	
1.320.966,89 €	-185.160,60 €
Resultado antes de impostos	
1.751.168 €	1.497.339,35 €
Investimentos agregados	
10.419.303 €	9.158.221,55 €
Pagos en salarios	
755.703 €	644.835,67 €
Pagos á Seguridade Social	
363.372,57 €	255.620,87 €
Impostos pagados sobre beneficios	
15.618.058 €	19.715.294,13 €
Pagos a provedores	
3.444.829,64 €	3.079.740,35 €
Subvencións e axudas públicas	
2023	2022

O NOSO EQUIPO



Persoas traballadoras

	PERSONAL DIRECTIVO	XERENCIAS DE EMPRESA	MANDOS INTERMEDIOS	PERSONAL TÉCNICO	PERSONAL OPERARIO
2023	12	8	42	77	402
2022	8	8	34	91	359

4.2

AS NOSAS UNIDADES DE NEGOCIO



4.2.1





Galega de Economía Social (GES) actúa de **empresa matriz de COGAMI Empresarial**. É a entidade a partir da cal se impulsan as políticas e estratexias que afectan ao conxunto das empresas, realizando tamén o labor de control das Unidades de Negocio. Tamén ofrece apoio en consultaría e asesoría ás empresas en diversos ámbitos: laboral, recursos humanos, económico-financiero, prevención de riscos laborais, calidade, comunicación e estratexia de negocio.

2023

Durante o ano 2023, GES continuou realizando o seu labor habitual de apoio ás empresas no ámbito da xestión administrativa, laboral e captación de persoal, e control financeiro e fiscal. Ademais, acompañouse ás empresas na renovación dos Plans de Igualdade que chegaban ao seu fin en 2023, e traballouse na implantación de accións e medidas dos Plans vixentes na actualidade. Tamén se comezou coa renovación e mellora do Protocolo de Prevención e Actuación do Acoso no Traballo.

Ademais disto, dende GES estase a impulsar tanto a transformación dixital das nosas empresas, coa implementación de ferramentas de traballo que axuden a unha maior integración e uso eficiente da información, como a integración da perspectiva ambiental en toda a cultura organizativa do Grupo empresarial. Respecto a isto último, leváronse

a cabo formacións neste eido, participouse no Programa Responsabilízate, promovido pola Xunta de Galicia para o desenvolvemento da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), e tamén se están a sentar as bases para a aprobación dunha política e Estratexia de Sostibilidade Ambiental que aplique a todo COGAMI Empresarial.



[2-1-a, 2-6-a, 2-6-b, 2-7-b, 405-1]

4.2.2




Dixardín ofrece **servizos integrais de xardinería e paisaxismo** dirixidos tanto a cliente público, Administracións Públicas, como privado. Grazas á súa ampla experiencia, ofrece solucións eficaces atendendo a principios de sostibilidade e accesibilidade universal en cada un dos seus traballos.

2023

Nos últimos exercicios Dixardín vén experimentando un incremento sostido dos servizos prestados, traducíndose nun aumento de facturación e beneficios do propio exercicio. No ano 2023 os resultados económicos marcaron un dato histórico, cun aumento da cifra de negocio dun 29 % e uns beneficios un 65 % superiores aos do pasado ano. Isto foi debido principalmente á execución de servizos e obras planificados que proporcionaron unha marxe máis ampla respecto a outros traballos que se viñan realizando.

Tamén foi moi positiva a regularización e ampliación do contrato dos servizos de xardinería no Concello de Ames para os vindeiros catro anos, a consolidación dos traballos que se realizan no marco do Plan de Embelecemento de Lugo 2022-2023, "Dito e feito", e a consecución da xestión e dinamización dos Hortos Urbanos da mesma cidade, promovidos pola Deputación de Lugo. Ademais, o contrato de servizos existente co Concello de Carballo segue a ser orixe de gran volume de traballo para Dixardín, levando a cabo non só o mantemento dos xardíns, aspecto galardoado polo Certame Vilas en Flor, senón tamén obras menores e obradoiros e actividades dirixidas á veciñanza.

No eido das actividades de formación e capacitación que oferta habitualmente Dixardín, destaca o proxecto conxunto coa *Fundación Secretariado Gitano*, no que se formou a 11 persoas da contorna do Concello de Lugo en tarefas de mantemento de zonas verdes.



	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	2.079.090 €	419.891 €	124.478 €
2022	1.606.562 €	254.199 €	51.112 €



12

Mulleres

54

Homes

66

Total persoas traballadoras



74 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Ames, Arzúa, Outes e Carballo (A Coruña)

4 centros de traballo



ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 14001 Sistema de xestión ambiental

Certificacións




Outras cifras

+ 5 persoas

traballando con nós respecto ao 2022

+ 630.000 m² de superficie traballada,

14 % máis que en 2022



4.2.3

COREGAL

Xestión integral de residuos

Coregal céntrase na **xestión integral de residuos non perigosos** na procura de acadar a máxima redución, reciclaxe e valorización dos mesmos, aliñando os seus servizos cos principios da economía circular.

2023


Tras os dous anteriores exercicios económicos acadando uns resultados históricos na empresa, esta tendencia experimentou un freo durante o ano 2023. Pese a darse un aumento dun 17 % na facturación da liña de negocio de servizos prestados pola recollida e xestión de residuos, no que o contrato da xestión do papel-cartón do Concello de Santiago de Compostela ten un papel significativo, a liña de actividade vencellada á venda destes materiais sufriu un descenso do 37 %, principalmente por mor da volatilidade á baixa dos prezos. Esta última realidade condicionou o resultado final do exercicio económico. Como dato relevante cómpre salientar que, derivado do aumento dos servizos prestados, Coregal incrementou en 17 o número de postos de traballo xerados respecto a 2022.

Ante a situación de incerteza que carrega a dependencia dos prezos dos materiais e a provocada pola aplicación das novas obrigas legais, Coregal segue traballando na diversificación das liñas de negocio, apostando por acometer investimentos dirixidos á granulación de plástico reciclado na súa ecoplanta de Mos (Pontevedra) e pola tecnificación de contedores a través da sensotrónica para ofrecer mellores servizos á súa clientela.

Tamén segue a consolidarse a liña de sensibilización e campañas medio ambientais en municipios como A Coruña e Carballo e agárdase ampliar este tipo de actividade durante o ano 2024.

A finais de 2022 Coregal instalou placas fotovoltaicas nas ecoplantas de Boiro e Santiago de Compostela, o que xa está permitindo un nivel de autoconsumo enerxético ao redor do 35 % e 34 %, respectivamente.

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	8.935.260 €	532.125 €	1.005.760 €
2022	9.663.590 €	826.522 €	998.210 €





Santiago de Compostela, Boiro, Carballo (A Coruña) e Mos (Pontevedra)

4 ecoplantas



11

Puntos limpos xestionados en concellos

ISO 9001 Sistema de xestión da calidade

ISO 14001 Sistema de xestión ambiental

ISO 45001 Sistema de xestión da seguridade e a saúde no traballo



Certificacións



Outras cifras

Durante 2023 xestionáronse

37.577,36 t de residuos

Parque de vehículos de **59 camiións**



4.2.4



Trameve é un **Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos Fóra de Uso (VFU)**, xa sexa por sinistro ou fin de vida útil. Conta cunhas instalacións de 14.400 m² en Santiago de Compostela.

A súa actividade focalízase en realizar procesos seguros e respectuosos co medio ambiente aliñados cos principios da economía circular, promovendo a reutilización de pezas e fomentando, ao mesmo tempo, a xestión responsable dos residuos.

2023

O ano 2023 foi un ano de continuidade en Trameve, demostrando a estabilidade que vén caracterizando a súa actividade así como que é un dos negocios de referencia na venda de pezas de recambio na contorna de Santiago de Compostela. Prova diso é o incremento que se ten producido neste ano no seu volume de facturación, un 5 %.




Durante 2023 Trameve incorporou 2 persoas que viñeron a reforzar a área de taller e labores comerciais con perfís de dilatada experiencia

[2-6-a,2-6-b, 2-7-a, 405-1]

no sector da automoción. No que respecta aos investimentos, a empresa está inmersa na aposta pola automatización de procesos e a dixitalización, traballando na actualización do ERP, de xeito que non só mellora e faga máis eficaces os procesos administrativos e económicos internos, senón que aporte un salto cualitativo na xestión do stock de pezas e materiais á venda.

Froito do seu traballo e da solidez da súa traxectoria, Trameve foi recoñecida polo Concello de Santiago de Compostela co premio á “Excelencia Empresarial Axenda Urbana 2030” na categoría de “Boas Prácticas de Empresa de Economía Social”.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	534.303 €	125.336 €	25.501 €
2022	506.604 €	139.912 €	10.708 €



4.2.5



Cualicar é unha marca comercial dirixida á **venda de vehículos seminovos multimarca**, cunha antigüidade de entre 0 a 3 anos, e cunha quilometraxe inferior a 50.000 km. A empresa ofrece a opción de compra *online* completa, ademais da posibilidade de financiamento e entrega do vehículo na porta da casa.

Esta é unha liña de negocio que xorde a partir da experiencia e coñecemento que se ten no Grupo empresarial do sector do automóbil, e que motiva a aposta e potenciación de novas estratexias de negocio, lanzándose Cualicar como marca diferenciada, da que obter maior rendibilidade ao dotala de maior visibilidade.

2023

Cualicar nace no 2019 e, tras os primeiros anos de actividade que coinciden cos de maior incidencia da pandemia por mor do Covid-19, puido ir asentando a súa actividade empresarial no mercado aos poucos obtendo, en 2023, resultados positivos, ao igual que o exercicio económico anterior, pese a unha baixada de vendas.

Cualicar segue apostando por unha coidada selección dos vehículos que pon a disposición da súa clientela, así como por continuar mellorando a súa visibilidade de marca nas redes sociais e por flexibilizar e dixitalizar as súas canles de venda. Froito desta aposta, un

71 % dos vehículos vendidos marcharon fóra de Galicia. Tamén cómpre salientar que, aínda que se seguen ofertando diferentes tipoloxías de vehículo, a maior parte das vendas rexistradas son vehículos e furgonetas comerciais.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos
2023	547.204 €	23.702 €
2022	954.273 €	49.790 €



1

Mulleres

1

Total persoas traballadoras




Santiago de Compostela

1 centro de venda



Outras cifras

Vehículos vendidos 21
(- 48 % respecto a 2022)



Vendas realizadas fóra de Galicia 71 %

AUTOMOCIÓN

4.2.6



Grafinfo está especializada no **deseño e impresión**, e posúe unha ampla gama de produtos gráficos entre os que se inclúe o troquelado e impresión de *packaging* de pequeno formato, este último un servizo que está a ter unha grande acollida por parte da clientela. Tamén ofrece o servizo de compra de todo tipo de material de oficina a través da súa *web*.

A escoita activa das necesidades da clientela, unida a unha longa traxectoria no sector, son a base para acadar o mellor resultado: dende a idea inicial ata a impresión final.

2023





Grafinfo mantén a tendencia positiva do ano anterior, acadando o equilibrio de resultados nun contexto no que se segue a notar a suba dos prezos dos materiais. Esta evolución susténtase nun incremento de vendas na actividade de impresión (13 %) e na de troquelado e *packaging* (11 %), liña que xa medrara durante 2022 un 32 %.

O impulso desta última representa a aposta da empresa pola diversificación dos servizos.

Neste senso, un dos investimentos realizados durante o ano 2023 foi a adquisición dunha mesa de impresión en plano que está permitindo

ofrecer novos produtos e ampliar a carteira de clientes. Tamén se reforzou a área de deseño coa incorporación dunha persoa, aumentando o cadro de persoal ata 14 persoas.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	933.729 €	7.254 €	104.104 €
2022	898.823 €	89 €	2.129 €



ARTES GRÁFICAS

[2-6-a,2-6-b, 2-7-a, 405-1]

4.2.7



Accede Social ofrece **servizos de transporte adaptado** dirixidos a persoas con discapacidade, mobilidade reducida ou en situación de dependencia.

2023

Na actualidade Accede Social está a realizar 29 rutas regulares de transporte adaptado distribuídas na Comarca de Lemos e na área de Vigo e O Baixo Miño (Pontevedra), todas vencelladas ao contrato co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A pesar de que Accede Social realiza tamén servizos discrecionais a outros clientes, son as rutas regulares as que supoñen a principal fonte de ingresos da actividade empresarial.

Durante 2023 actualizouse o Convenio colectivo de transportes, ofrecendo un incremento salarial dun 13,3 % para a maioría do persoal traballador de Accede Social. Esta actualización, se ben positiva, trouxo consigo o aumento da partida salarial nun 25 %, e a imposibilidade de repercutir esta nova situación aos prezos do contrato durante ese exercicio, o que explica a baixada no balance anual respecto ao 2022.

[2-6-a,2-6-b, 2-7-a, 405-1]

Ainda así, Accede Social segue investindo en renovar o seu parque de vehículos, xa que o número de servizos tamén segue aumentando, e durante o 2023 recibíronse dúas novas matrículas, aumentando ata 35 o número de vehículos que conforman o seu parque.



	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	1.670.953 €	61.941 €	95.829 €
2022	1.498.609 €	222.010 €	243.562 €



35

Mulleres

43

Homes

78

Total persoas traballadoras



81 %

Persoas traballadoras con discapacidade



Santiago de Compostela e Mos

2 centros de traballo



Outras cifras

Desprazamentos nas diferentes rutas
86.300 desprazamentos anuais

Persoas beneficiarias do transporte adaptado **381 persoas**

Parque de vehículos **35 vehículos**

4.2.8

INTEGRATEX

Integratex é un proxecto froito da alianza con Inditex baseado na **xestión de tendas outlet baixo o modelo de franquía no marco do seu programa “form & from”**. Está composto polas marcas Massimo Dutti, Tempe e Pull&Bear. Nelas, **comercialízase roupa, calzado e complementos**.



2023

Máis alá da propia actividade como *retailer*, e da priorización na empregabilidade de persoas con discapacidade, a tenda de Integratex localizada en Ferrol ten unha característica especial respecto aos outros dous espazos de venda en Allariz (Ourense), xa que abriu como unha tenda-escola, dirixida á capacitación de persoas con maiores dificultades de empregabilidade. Dende a apertura desta tenda en 2016, foron 26 persoas (20 mulleres e 6 homes) as que pasaron por este programa, e na actualidade 11 delas forman parte do equipo de Integratex. Cómpre subliñar que tamén se traballa coas familias para ofrecer un apoio integral a aquelas persoas que máis o

poden precisar, xerando un valor percibido moito máis alá do propio salario, a través do servizo de respiro e a promoción da autonomía que se ofrece.

Xa no plano económico, Integratex mantivo uns volumes de venda moi semellantes aos do ano 2022, o que reflicte a estabilización e consolidación da recuperación tras os períodos de máis afectación da pandemia por mor do Covid-19.

	Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	1.354.905 €	112.773 €	0 €
2022	1.351.947 €	99.080 €	17.786 €



RETAIL TÉXTIL

4.2.9

lamastelle
elaborado por personas asombrosas

Hornos de Lamastelle dedícase á **fabricación e distribución**, tanto dentro coma fóra de Galicia, dunha **gran variedade de tipos de empanada, Tarta de Santiago** con Indicación Xeográfica Protexida (IXP), así **como outros produtos de repostería** en distintos tamaños e formatos atendendo ás necesidades da clientela.

2023

Hornos de Lamastelle acadou en 2023 uns moi bos resultados, froito do traballo e tendencias positivas dos exercicios anteriores. Este aumento porcentual, tanto na facturación (27 %) como no resultado do exercicio (162 %), deuse principalmente por un aumento na carteira de clientes, así como pola variedade de referencias vendidas. Obsérvase un incremento da facturación tanto na liña de negocio de reparto de proximidade (20 %), como na canle HORECA (25 %) e nas grandes superficies (40 %). Este aumento nas vendas e na produción propiciou tamén a contratación de novo persoal, 16 persoas máis que ao remate do exercicio anterior.

Unha das apostas de Hornos de Lamastelle nos últimos anos é traballar na diversificación de produtos. Deste xeito, logrouse ampliar o Catálogo de produto vendido con novos sabores de empanada. Ademais, creáronse novos produtos con base de masa de follado, empanadillas e, na liña de doce, a tarta de queixo. Este último produto foi presentado na Feria InterSICOP, *Salón Internacional de Panadería, Pastelería, Heladería, Café y Equipamiento* (IFEMA, Madrid).


Cabe salientar tamén un axuste nos custos de produción dun 1,5 % que, nunha primeira ollada,


pode parecer pouco representativo, pero reflicte a procura da mellora continua dos procesos produtivos que se desenvolven na fábrica. Neste senso, destacar tamén un proxecto cofinanciado co apoio da Fundación Carrefour, que posibilitou abordar a renovación e tecnificación dos silos de almacenamento de fariña, permitindo grandes avances tanto na eliminación de paradas da produción, como unha maior eficiencia no uso da materia prima principal, sentando as bases de melloras futuras no relativo á xestión do residuo orgánico.

	 Cifra de negocio	Resultado antes de impostos	Investimentos realizados
2023	8.045.517 €	1.010.976 €	394.227 €
2022	6.329.072 €	382.620 €	108.402 €

[2-6-a,2-6-b, 2-7-a, 405-1]

ALIMENTACIÓN




 **ISO 22000** Sistema de xestión da seguridade alimentaria
 Tarta de Santiago con **Indicación Xeográfica Protexida (IXP)**

Certificacións

 **Outras cifras**

2.683 t (13,6 % máis que en 2022)



4.3

UNHA VISIÓN XERAL DO ANO PARA COGAMI EMPRESARIAL



■ COGAMI Empresarial continúa na senda do crecemento, afianzando as súas actividades económicas e sendo referente como creador de emprego para persoas con discapacidade en Galicia.



■ Diversificación de sectores de actividade, ampliación de catálogo de produtos e servizos e aposta pola calidade, a sostibilidade e a competitividade son algunhas das claves da consolidación das empresas do Grupo Empresarial.



■ COGAMI Empresarial contribúe á creación de emprego a través das distintas Unidades de Negocio xerando valor social e ofrecendo oportunidades para a inclusión laboral de persoas con discapacidade.

PRINCIPAIS RETOS EXISTENTES NO MERCADO



Resiliencia en escenarios de incerteza

A inestabilidade dos mercados en situacións de tensión xeopolítica e conflitos armados, o incremento do custo de distribución e das materias primas ou a inflación, coa conseguinte perda de poder adquisitivo das familias, son algúns dos factores que condicionan o crecemento económico e o desenvolvemento empresarial, nun escenario que se prevé cada vez máis inestable e sometido a crises puntuais (territoriais, económicas, medio ambientais ou sanitarias, entre outras).




Cambio climático, sustentabilidade e economía circular

Cambios normativos, aprobación de nova lexislación e incremento nas esixencias normativas e demandas sociais son algunhas das características dunha nova realidade na que a natureza, o medio ambiente e a contorna cobran protagonismo na procura de asegurar un futuro para o planeta e a sociedade no que cada decisión conta e é necesario sumar esforzos e compromisos reais para garantir a súa sustentabilidade.



Dixitalización e novas tecnoloxías

A estrutura e a infraestrutura da actividade económica global está sufrindo unha profunda transformación na denominada era dixital, polo que a formación, información e comunicación empresarial veñen adaptándose ao mundo tecnolóxico, en constante evolución. Esta revolución é a que está permitindo optimizar recursos, mellorar procesos, garantir a competitividade e maximizar beneficios.



Competitividade empresarial

A incerteza nos mercados económicos e as consecuencias da situación de pandemia sanitaria vivida, trouxeron consigo un aumento da competitividade no mercado, obrigando a unha maior capacidade de flexibilidade e innovación fronte aos cambios e con respostas axeitadas ás demandas existentes.

OPORTUNIDADES PARA COGAMI EMPRESARIAL



Posicionamento como Grupo de COGAMI Empresarial: estabilidade financeira e creación de emprego

O balance de contas de todas as empresas do Grupo empresarial mostran datos positivos tanto en facturación como no resultado do exercicio económico. COGAMI Empresarial segue medrando e consolidándose, permitindo así dar resposta ao seu obxecto social, xerar emprego, oportunidades e valor para as persoas con discapacidade en Galicia. Son 8, das 9 empresas que compoñen o Grupo empresarial, as que incrementaron o número de persoas contratadas respecto a 2022, chegando aos 541 postos de traballo xerados. Desta forma, o Grupo empresarial pode facer fronte de xeito conxunto e solidario ao contexto incerto que atravesamos a economía a nivel global.



Sustentabilidade e compromiso coa contorna

Nos últimos anos, COGAMI Empresarial está avanzando cara á integración da perspectiva ambiental na súa cultura organizativa e de traballo, proba disto é a presente Memoria, que se vén facendo dende o ano 2020, o cálculo da pegada de carbono e a aposta polas enerxías limpas coa instalación de paneis solares nas ecoplantas de Coregal, ou o obxectivo recollido no Plan Estratéxico 2023- 2026 de COGAMI de establecer un Plan de Acción de sustentabilidade ambiental para os vindeiros catro anos. Ademais, empresas como Coregal, Dixardin ou Trameve teñen na súa propia orixe o compromiso e mellora da contorna, ben sexa dende a perspectiva da xestión dos residuos, a conservación de espazos verdes ou a circularidade.



Innovación dixital e melloras de equipamento e procesos

Aproveitar a tecnoloxía e as innovacións para mellorar a vida das persoas é unha máxima da actividade de COGAMI Empresarial, tanto nos seus procesos produtivos como de prestación de servizos, así como na formación continua das persoas traballadoras. De aí os investimentos realizados por empresas como Coregal, Hornos de Lamastelle, Grafenco ou Accede Social na actualización e mellora dos seus activos para a produción e prestación de servizos. Tamén, empresas como Trameve e Cualicar traballan continuamente en fortalecer as súas canles de venda dixital.



Oferta máis atractiva con novidades en produtos e servizos

As empresas que conforman COGAMI Empresarial teñen unha visión innovadora e de mellora continua, así como de vixilancia normativa e de atención ás demandas do mercado, sendo sempre un obxectivo o lanzamento de novos produtos e servizos de calidade. Grafenco, cun novo servizo de packaging para formato pequeno, Coregal coa dixitalización de colectores, ou os novos produtos doces e novos sabores de empanada en Hornos de Lamastelle son algúns exemplos desta visión.

4.4

ALGÚNS DOS MOMENTOS MÁIS DESTACADOS

FEBREIRO



- **Hornos de Lamastelle** presenta na Feira InterSICOP (IFEMA, Madrid) a súa ampla e variada gama de produtos.
- As xerencias das iniciativas de **COGAMI Empresarial** participan no Programa "Generación Digital Pymes: Equipos Directivos" co fin de seguir avanzando na transformación dixital das súas actividades.

ABRIL

- **Coregal** leva a cabo un proxecto piloto de motricidade laboral para mellorar a ergonomía de traballo de 15 persoas traballadoras da planta de Santiago de Compostela.



AGOSTO



- **Grafinco** adquire unha nova máquina para impresión en plano coa que seguirá ampliando o seu Catálogo de servizos.

OUTUBRO



- **Dixardín** comeza o contrato de xestión e dinamización dos Hortos Urbanos promovidos pola Deputación de Lugo.

DECEMBRO



- **Galega de Economía Social** recibe o Selo Empresa Responsabilizate tras participar neste Programa promovido pola Xunta de Galicia e que reconece aos axentes creadores de valor compartido e comprometidos cos criterios Ambientais, Sociais e de boa Gobernanza (ASG).

2023

MARZO

- Apróbese o **Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI**, folia de ruta da Organización que serve de ferramenta guía no cumprimento da nosa Misión e Propósito de acadar a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

XULLO

- **Trameve e Coregal** renovan as súas páxinas webs ponendo en valor a sustentabilidade e o impacto social positivo que xeran.

SETEMBRO



- O Concello de Ames encarga a **Dixardín** o mantemento dos seus espazos verdes para os vindeiros catro anos.

NOVEMBRO

- O Concello de Carballo renova o recoñecemento de "3 flores de honra" no Certame Vilas en Flor pola mellora do espazo verde urbano, xestionado por **Dixardín**.

- **Coregal e Hornos de Lamastelle** reciben o recoñecemento dos Indicadores de Ardán como Empresa Xeradora de Riqueza e Empresa Ben Xestionada, respectivamente.



4.5

PLAN ESTRATÉXICO 2023-2026 DE COGAMI: UN TEMPO NOVO QUE PON O FOCO NA SOSTIBILIDADE SOCIAL, ECONÓMICA E AMBIENTAL

Durante o ano 2023 aprobouse o **Plan Estratéxico 2023-2026 de COGAMI**, que será a folia de ruta para toda a Organización á hora de abordar a nosa Misión, definida como a defensa e promoción dos dereitos das persoas

con discapacidade, a transformación social, o fortalecemento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en todo o territorio de Galicia, e o noso **Propósito** de acadar a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

Este novo Plan apróbase tras un proceso de reflexión estratéxica e participativa levado a cabo durante o ano 2022, e que tivo como resultado a elaboración do Plan Estratéxico que pon á

persoa no centro, sen esquecerse da sostibilidade económica necesaria para a consecución dos nosos fins, e a responsabilidade ambiental respecto ás nosas actividades. Neste senso, o camiño a avanzar durante os vindeiros catro anos artéllase ao redor de catro retos, tal e como se amosa no gráfico no gráfico desta páxina.

Deste xeito, en todos os eidos de COGAMI **seguiremos traballando na mellora continua dos produtos e servizos** que ofrecemos tanto ás persoas con discapacidade que representamos, como á súa contorna afectiva, entidades membros, profesionais, clientela e sociedade en xeral.



[201-4]

4.6

DIXARDÍN É EXEMPLO DE COMPROMISO COA DINAMIZACIÓN COMUNITARIA A TRAVÉS DA XESTIÓN DOS HORTOS URBANOS DO PASEO DO RATO EN LUGO

Dentro das liñas de actividade que Dixardín realiza na xestión e mantemento dos espazos verdes públicos, a divulgación e a sensibilización ambiental, así como o traballo e establecemento de redes coa veciñanza e entidades locais, forman parte do seu labor habitual.

O último exemplo que reflicte esta disposición ao traballo coa comunidade é a consecución do contrato para a xestión e dinamización dos Hortos Urbanos, promovido pola Deputación Provincial de Lugo.

Este espazo situado no Parque do Paseo do Rato conta con 8.000 m², 150 parcelas de hortos que acollen a preto de 1.500 persoas como usuarias directas. O alcance desta iniciativa é elevado porque, aínda que cada parcela só é traballada por tres ou catro persoas, algunhas das parcelas están vencellada a dez entidades sociais locais, o que aumenta a participación notablemente.

[2-4, 2-6]

No marco deste servizo, Dixardín tamén se ocupa do mantemento dos hortos, de ofrecer formación á cidadanía en horticultura ecolóxica e coidado dos terreos. Isto forma parte do itinerario pedagóxico anual continuo e que ofrecerá, polo menos, 250 horas de formación gratuíta cada ano. De outubro a decembro de 2023 foron 50 as horas de formación ofrecidas.

Outro dos obxectivos deste proxecto é a xeración de sinerxias e colaboracións con outras entidades, tanto do ámbito social, educativo ou tecido empresarial, para a posta en valor

dos hortos. Exemplo disto foron as 4 persoas, procedentes do curso de formación de Auxiliar en Servizos Técnicos de Horticultura e Viveiros, no marco do Programa Incorpora - SEPE - Fundación "la Caixa".

Dixardín tamén será a encargada de xestionar os recursos, materiais e maquinaria que a Deputación Provincial de Lugo facilite para os traballos de cultivo dos hortos, ademais de organizar o uso dos espazos e a atención ás distintas persoas usuarias.



Hortos Urbanos da Deputación de Lugo

4.7

ACCEDÉ SOCIAL CONTÍNUA CO SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO DO CONSORCIO E APOSTA POLA IGUALDADE PROMOCIONANDO A INCLUSIÓN DE MULLERES NO EQUIPO DE CONDUCIÓN

Accede Social, iniciativa de transporte de persoas en vehículos adaptados, continúa co seu Plan de Igualdade promocionando a persoas como Patricia Castelo. O seu primeiro contacto coa empresa foi a través dunhas prácticas tras rematar un curso de Auxiliar de transporte impartido pola Xunta de Galicia.

Patricia empezou a traballar cubrindo as rutas do Centro de día de maiores de Tomiño e, como recolle o Plan de Igualdade da empresa, ofrecéuselle a posibilidade de sacar o Certificado de Aptitude Profesional (CAP) de transporte por estrada e entrar a formar parte do equipo de profesionais da condución. Trala aceptación da proposta, agora é a encargada de trasladar ás persoas maiores do Centro de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que xestiona COGAMI en Tomiño.

O 31 de maio de 2023 finalizaba a data estipulada polo concurso reservado que gañou Accede Social, o Centro Especial de Empleo de Iniciativa Social de COGAMI Empresarial dedicado ao transporte adaptado de persoas.

Cómpre salientar que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia renovou por dous anos máis o servizo que Accede Social viña prestando no marco dun concurso reservado, con data de inicio o 1 de xuño de 2023.

A nova adxudicación reforza con 2 rutas adicionais o percorrido que se realiza nos

Centros de día de Baiona e Vigo-Valadares, chegando a cubrir 29 rutas cos 35 autobuses dos que dispón.

Accede Social encárgase do transporte de persoas dos Centros de día de maiores na Pobra de Brollón, Chantada, Monforte de Lemos e Pantón, na provincia de Lugo. Na provincia de Pontevedra, ademais de Vigo, tamén presta o servizo en Mondariz, Pontearreas e Redondela; na zona de O Baixo Miño comprende o desprazamento dos Centros de As Neves, Baiona, O Porriño e Tomiño.



Persoa traballadora de Accede Social

4.8

GRAFINCO AMPLÍA O SEU CATÁLOGO DE PRODUTOS APOSTANDO POLO *PACKAGING* DE PEQUENO FORMATO, BAIXO CRITERIOS DE CALIDADE E COMPETITIVIDADE

Grafinco, como parte do seu proceso de aumentar carteira de clientes e diversificar produto, segue ampliando servizos na oferta vencellada ao *packaging* e embalaxe, liña pola que comezou a apostar en 2021 coa compra de maquinaria para ofrecer *packaging* de pequeno formato e que, durante o ano 2023, reforzouse coa adquisición dunha impresora en plano, que permite personalizar diferentes tipos de caixas, embalaxes ou bolsas de papel.

Para este proceso úsanse ademais tintas de base de auga, co que se está a dar resposta ás demanda do mercado ofrecendo solucións de alta calidade e, ao mesmo tempo, respectuosas co medio ambiente.

Desta forma, segue collendo peso a liña de actividade de *packaging* e troquelado, que xa supón un 11 % sobre a facturación total da empresa.



Exemplos de *packaging* de Grafinco

4.9

30 ANOS DE COREGAL: AVANZANDO CARA Á MODERNIZACIÓN MEDIANTE A EFICIENCIA E DIXITALIZACIÓN DA XESTIÓN DE RESIDUOS

No 2023 Coregal conmemorou o seu trinta aniversario. Co paso do tempo, este Centro Especial de Emprego de Iniciativa Social foi crecendo e diversificando os seus servizos de xestión de residuos, tanto a cliente público como privado, o que o leva a día de hoxe a ser a empresa de COGAMI Empresarial con máis persoas traballadoras.

Na actualidade, Coregal atópase en pleno avance na automatización e dixitalización, creando alianzas con diferentes socios tecnolóxicos para ofrecer os mellores servizos á súa clientela ante o grande reto da xestión dos residuos, que require máquinas máis eficaces que descarguen o traballo físico das persoas. Por iso, algunhas das novas incorporacións son os sistemas dixitais instalados nos vehículos que serven tanto para localizalos como para situar as rutas e puntos de recollida, ademais de indicar como efectuar esta recollida.

Co obxectivo de reducir a pegada de carbono dos seus servizos, Coregal tamén está no proceso de incorporación de vehículos híbridos e de gas que reduzan o impacto da actividade.

Por outra banda, ao longo do 2023 púidose percibir o impacto positivo que supuxo a instalación de campos solares nos centros de

Santiago de Compostela e Boiro (A Coruña) a finais do 2022 e que, nos días de sol, chegan a cubrir o 60 % do consumo das ecoplantas de xestión de residuos. Está previsto seguir avanzando nesta liña e instalar placas solares tamén nos centros de Mos (Pontevedra) e Carballo (A Coruña).



Colector intelixente Coregal

4.10

HORNOS DE LAMASTELLE CONTOU CO APOIO DA FUNDACIÓN CARREFOUR PARA MELLORAR A EFICIENCIA DOS SEUS PROCESOS DE FABRICACIÓN

Durante o ano 2023, Hornos de Lamastelle afrontou a renovación dos seus silos nos que almacena a fariña, a súa principal materia prima, por outros máis modernos e eficientes. Este novo equipamento de dous silos interconectados e que, de forma independente e automatizada, poden alimentar as liñas de produción dos dous obradoiros da fábrica trouxo varios impactos positivos na operativa do día a día.

En primeiro lugar, reducíronse a cero as paradas por mantemento permitindo aumentar a produtividade anual da planta. En segundo lugar, baixaron á metade as veces que un camión debe subministrar a materia prima, coa consecvente diminución de emisións desta actividade. Ademais, eliminouse o uso de sacos de fariña durante os tempos de mantemento, proceso pouco eficiente e que implicaba cargas de peso para algunhas das persoas traballadoras. Por

último, esta nova infraestrutura foi colocada fóra dos obradoiros de fabricación, gañando espazos moi necesarios na planta para a instalación de nova maquinaria nun futuro.

Este proxecto contribuíu á redución dun 1,5 % dos custos de fabricación e a acadar os bos resultados obtidos pola empresa neste exercicio económico do ano 2023. Este investimento, que superou os 160.000 euros, estivo cofinanciado pola Fundación Carrefour nun 65 %, e aliñado co seu compromiso de promover o acceso a comida saudable e sostible para a poboación máis vulnerable.



Novos silos de fariña nas instalacións de Hornos de Lamastelle



CAPÍTULO

As nosas
persoas

AS NOSAS PERSOAS

A Misión última de COGAMI Empresarial é a de xerar e ofrecer oportunidades laborais a persoas con discapacidade en Galicia, partindo da visión de que o emprego é un pilar fundamental para fomentar a inclusión en todos os ámbitos sociais. Polo tanto, o noso compromiso social e humano é o de traballar para xerar valor para as persoas que traballan con nós en termos de estabilidade, formación continua, conciliación e posibilidade de desenvolvemento dun proxecto vital ligado á nosa Organización.

Por isto, esforzámonos a diario en promover ambientes inclusivos e por establecer alianzas que favorezan o desenvolvemento profesional de todas as persoas en igualdade de condicións.

Ademais, prestamos apoio e buscamos adaptar as tarefas segundo as necesidades específicas de cada persoa traballadora.

O obxectivo de COGAMI Empresarial é ter presenza en todo o territorio galego, así como xerar e consolidar emprego en áreas rurais de Galicia. A día de hoxe, a presenza das nosas actividades ten un peso destacado na provincia de A Coruña, sendo menor nas outras tres, aínda que con expectativas de continuar medrando e asentándose nestas provincias.


Empresa	Distribución por áreas xeográficas de traballo	Persoas traballadoras
Accede Social	Oficinas Centrais (Santiago de Compostela, A Coruña)	2
	Servizos Comarca de Lemos (Lugo)	20
	Servizos Área de Vigo e O Baixo Miño (Pontevedra)	56
	Total Accede Social	78
Alentae	Fábrica (Bergondo)	1
	Total Alentae	1
Coregal	Ecoplanta de Mos (Pontevedra)	49
	Ecoplanta de Boiro (A Coruña)	55
	Ecoplanta de Carballo (A Coruña)	40
	Ecoplanta de Santiago de Compostela (A Coruña)	64
Total Coregal	208	
Cualicar	Concesionario de Santiago de Compostela (A Coruña)	1
	Total Cualicar	1
Dixardín	Centro de traballo de Carballo (A Coruña)	15
	Centro de traballo de Arzúa (A Coruña)	8
	Centro de traballo de Outes (A Coruña)	4
	Oficinas centrais e Centro de traballo de Ames (A Coruña)	39
	Total Dixardín	66
Galega de Economía Social	Oficinas centrais (Santiago de Compostela, A Coruña)	28
	Total Galega de Economía Social	28
Integratex	Tenda PULL&BEAR (Ferrol)	9
	Tenda MASSIMO DUTTI (Allariz, Ourense)	11
	Tenda TEMPE (Allariz, Ourense)	5
	Total Integratex	25
Grafinco	Imprenta (Lugo)	14
	Total Grafinco	14
Hornos de Lamastelle	Reparto de mercancía (A Coruña)	6
	Tenda (A Coruña)	7
	Fábrica (Oleiros, A Coruña)	95
Total Hornos de Lamastelle	108	
Trameve	Nave e tenda (Santiago de Compostela)	12
	Total Trameve	12
TOTAL		541




PORCENTAXE DE DISTRIBUCIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POR PROVINCIA

5.1


EMPREGO E DIVERSIDADE, PRINCIPAIS CIFRAS




PERSOAS TRABALLADORAS
SEGUNDO SEXO




PERSOAS TRABALLADORAS
CON DISCAPACIDADE



PERSOAS TRABALLADORAS
CON CONTRATOS INDEFINIDOS



TIPOLOXÍA DE DISCAPACIDADE
DAS PERSOAS TRABALLADORAS



PERSOAS TRABALLADORAS POR RANGO DE IDADE

5.2

CREACIÓN DE EMPREGO E NOVAS OPORTUNIDADES

COGAMI Empresarial segue a ser a día de hoxe o principal empregador de persoas con discapacidade en Galicia.

En termos globais, no 2023 experimentamos un notable crecemento na contratación dentro de COGAMI Empresarial. A pesar do cese da actividade de Alentae, pasamos de ser 500 persoas en 2022 a 541 persoas en 2023. Practicamente todas as empresas do Grupo empresarial aumentaron o seu persoal, aínda que cabe salientar a contribución de Coregal e Hornos de Lamastelle a esta situación, xa que os seus cadros de persoal medraron un 9 % e 19 %, respectivamente.

En total foron 100 as persoas que comezaron a traballar en COGAMI Empresarial por primeira vez durante 2023 e que, ao rematar o ano, seguían contratadas. Destas, o 82 % ten unha discapacidade recoñecida, o que nos permite seguir contribuíndo ao noso compromiso coa inclusión, a empregabilidade e a igualdade de oportunidades en Galicia.




Traballador da tenda Integratex en Ferrol



100 novas incorporacións

% DE NOVAS INCORPORACIÓNS
SEGUNDO SEXO



% DE NOVAS CONTRATACIÓNS
DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE

Empresas de Cogami Empresarial	Persoas traballadoras 2022	Persoas traballadoras 2023
Accede Social	74	↑ 78
Alentae	8	↓ 1
Coregal	191	↑ 208
Cualicar	1	≡ 1
Dixardín	61	↑ 66
Galega de Economía Social	27	↑ 28
Grafinco	13	↑ 14
Hornos de Lamastelle	92	↑ 108
Integratex	22	↑ 25
Trameve	11	↑ 12
TOTAL PERSOAS TRABALLADORAS	500	↑ 541



[2-6-d]

POSTOS DE TRABAJO E UNIDADES DE NEGOCIO

O groso do persoal de COGAMI Empresarial está conformado polo categorizado como persoal operario³, un 74,3 %. O resto da estrutura do persoal distribúese entre persoal técnico, mandos intermedios, con persoal a cargo, e persoal directivo. Nesta última categoría englápanse: direccións corporativas, vencelladas á matriz do Grupo empresarial, xerencias⁴, de cada unha das iniciativas empresariais, e cargos de dirección na estrutura de cada empresa, de ser o caso.

Categorización por posto en COGAMI Empresarial	Nº de persoas
Persoal directivo	12
Xerencias	8
Mandos intermedios	42
Persoal técnico	77
Persoal operario	402
TOTAL	541

³- Debido á diversidade de sectores e actividades nos que operan as diferentes iniciativas empresariais esta denominación inclúe postos como: persoal operario de planta (Hornos de Lamastelle, Coregal e Grafenco), persoal de xardinería (Dixardín), persoal condutor (Accede Social) ou persoal auxiliar administrativo.

[2-30-a, 2-20-a]

CONVENIOS E SALARIOS

Sabendo a heteroxeneidade das actividades nas que operan as diferentes empresas de COGAMI Empresarial, os convenios laborais de aplicación tamén son diversos. Son varias as empresas que se acollen ao Convenio de Centros Especiais de Emprego de Galicia. Porén, iniciativas como Galega de Economía Social ou Coregal acóllense ao convenio sectorial que lles aplica pola súa actividade empresarial. Hornos de Lamastelle,

polas súa casuística particular, posúe un convenio de empresa propio⁵.

A política salarial⁶ do Grupo empresarial artéllase en base ao convenio laboral de aplicación, á valoración do desempeño correspondente, á experiencia e á antigüidade da persoa traballadora.

COGAMI Empresarial (Media salarial por categoría)			
Categoría Profesional	Mulleres	Homes	Total xeral
Persoal directivo	32.755,36 €	43.943,83 €	39.565,73 €
Mando intermedio	21.430,20 €	26.929,00 €	24.729,48 €
Persoal técnico	17.353,62 €	17.737,74 €	17.547,84€
Persoal operario	9.457,02€	11.901,47 €	11.344,77 €
TOTAL XERAL	13.244,53 €	13.981,49 €	13.778,60 €

⁴- O posto de xerencia é o de máxima responsabilidade dentro de cada iniciativa empresarial. Está ocupado por unha persoa para cada unha das iniciativas, salvo no caso de Trameve e Cualicar que recae sobre a mesma persoa.

⁵- No Anexo 9.3 recóllense os convenios laborais de aplicación en cada unha das iniciativas empresariais de COGAMI Empresarial.

⁶- A política salarial do Grupo empresarial artéllase en base ao convenio de aplicación, á valoración do desempeño correspondente, á experiencia e á antigüidade da persoa traballadora, sendo estas as variables que determinan as diferenzas observadas no cadro salarial segundo categoría e sexo da persoa traballadora.

CONCILIACIÓN

Dende COGAMI Empresarial recoñecemos a importancia da conciliación laboral e a flexibilidade como valores fundamentais nos nosos Centros Especiais de Emprego de Iniciativa Social. Nun contexto de maior demanda social neste eido, buscamos activamente impulsar medidas que melloren a conciliación entre a vida persoal e a laboral das persoas que traballan con nós, co obxectivo de procurar un equilibrio axeitado entre estes dous ámbitos.

Neste senso, as empresas contan con diversas medidas como permisos e licenzas, que van máis alá da normativa xeral vixente e que son as que establece o Convenio Colectivo dos Centros Especiais de Emprego de Galicia. No 2023 o 16 % das persoas do Grupo empresarial optaron por unha redución da súa xornada laboral.

Ademais, durante o 2023 consolidouse a política de teletraballo que comezara como unha proba piloto nos últimos meses de 2022, e que é de aplicación a todo COGAMI. Todas as persoas que o desexen, e sempre que o seu posto e tarefas o permitan, poden acollerse a un día de teletraballo á semana.



42

Persoas con xornada reducida durante 2023		
Mulleres	Homes	Total
43	44	87




5.3


ALTO IMPACTO NOS COLECTIVOS MÁIS VULNERABLES




PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MAIORES 50 ANOS



MULLERES CON DISCAPACIDADE



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
MENORES DE 30 ANOS



PERSOAS CON DISCAPACIDADE
PSÍQUICA OU INTELECTUAL

5.4 FORMACIÓN

En COGAMI Empresarial a xestión e formación do talento son elementos fundamentais para promover a mellora continua. A formación non só é importante para o crecemento persoal e profesional das persoas traballadoras, xa que potenciar e actualizar competencias chave para seguir sendo competitivo tamén é substancial para garantir unha correcta prevención sobre os riscos laborais e o mantemento da boa saúde, un aspecto de especial relevancia nunha Organización como a nosa.

Durante o ano 2023 leváronse a cabo formacións dirixidas á xestión de equipos e procesos de dixitalización e innovación, pensadas principalmente para persoal directivo e mandos intermedios. Apoíouse a consecución e renovación de Certificados de Aptitudes Profesionais (CAP) para licenzas de condución de camións e transporte de persoas viaxeiras, así como cursos de manexo de carretilla elevadora e guindastre hidráulico, aos que acudiron maioritariamente persoal técnico e operario.


Tamén se levaron a cabo formacións para fortalecer e actualizar competencias dixitais para o manexo de diferentes ferramentas, así como formacións técnicas sobre xurisprudencia laboral e lexislación ambiental. Por último, estanse levando a cabo sesións de formación para a

prevención do acoso por razón de sexo que foron impartidas ao longo de todo o 2023 a persoal directivo e mandos intermedios e técnicos, e está previsto seguir incidindo neste aspecto noutros grupos de persoas traballadoras ao longo do ano 2024.


Persoal traballador COGAMI Empresarial	Media de horas de formación recibida ⁷	Total de horas de formación recibida
Persoal directivo e xerencias	65,75 h ⁸	1.315 h
Mandos intermedios	10,49 h	440,5 h
Persoal técnico	10,40 h	800,5 h
Persoal operario	4,31 h	1.733 h



44




% DE PERSOAS ASISTENTES ÁS FORMACIÓNS



PERSOAS CON DISCAPACIDADE ASISTENTES ÁS FORMACIÓNS

⁷- O cálculo para a media de horas realízase atendendo ás fórmulas indicadas no GRI 404-1: n° total de horas proporcionadas (sexo ou categoría laboral) / n° total de persoas empregadas (sexo ou categoría laboral).

⁸- O alto índice de horas de formación a persoal directivo foi debido a que todas as xerencias de COGAMI Empresarial participaron na formación "Programa Xeración Dixital de PEMES" impulsada pola *Galicia Business School*, cunha dedicación de 136 h. Esta situación puntual fixo que aumentara este índice respecto a anos anteriores, en 2022 a media de horas de formación para esta categoría foi de 8,81 h.



5.5

IGUALDADE DE XÉNERO

Dende COGAMI Empresarial seguimos mantendo o noso compromiso coa igualdade, asegurando as mesmas oportunidades de acceso ao emprego e unha retribución equitativa, mentres traballamos na eliminación de toda discriminación por razón de sexo.

Durante o 2023 deuse a renovación do Plan de Igualdade de Dixardín para 2023- 2027 e quedou pendente para aprobación, no primeiro mes de 2024, a renovación do Plan de Igualdade de Coregal, tamén cunha vixencia de catro anos.

Todos os plans vixentes en COGAMI Empresarial comparten áreas de actuación comúns, nas que traballamos para integrar e mellorar a perspectiva de xénero e a igualdade. Continuamos poñendo especial énfase na captación de perfís femininos para traballos tradicionalmente masculinizados (persoal operario, conducción de autobuses ou xardinería) e na procura de equilibrio da infrarrepresentación que poida darse nalgúns postos; tamén actualizando e fortalecendo os criterios para garantir a igualdade retributiva e as condicións de traballo, e desenvolvendo periodicamente accións formativas de sensibilización en materia de igualdade e prevención do acoso.

[405-1]

Por outra banda, revisamos e reforzamos os convenios cos Centros de Información ás Mulleres (CIM's) de diferentes concellos galegos remitíndolles as ofertas de emprego que publicamos, de cara a incrementar a presenza feminina nos nosos equipos de traballo.

Na actualidade estase traballando en actualizar e reforzar o Protocolo de Prevención e Actuación do Acoso no Traballo existente para toda a Organización dende 2021. Este Protocolo ten como principal obxectivo establecer un procedemento para identificar de xeito claro as situacións de acoso laboral, poder tramitar as denuncias e adoptar medidas para canalizar e xestionar, de forma axeitada, calquera situación deste tipo.




Conductora de autobús de Accede Social



4 Plans de Igualdade vixentes en COGAMI Empresarial:

Accede Social, Coregal, Dixardín e Hornos de Lamastelle.



5.6

SEGURIDADE E SAÚDE

A seguridade e a saúde vencelladas ao lugar de traballo son elementos de vital importancia en COGAMI Empresarial para cumprir o obxectivo de xerar emprego de calidade e inclusivo. Neste senso, e recoñecendo a diversidade de tarefas desenvolvidas en todas as nosas empresas, facemos fincapé na identificación de posibles riscos para a saúde das persoas traballadoras e no deseño, adaptación e aplicación de medidas máis rigorosas que garantan o benestar psicosocial de todas elas. Por iso, entre as medidas de prevención e planificación interna para mellorar a saúde das nosas traballadoras e traballadores, tamén realizamos unha avaliación de riscos psicosociais.

Este proceso de identificación e adaptación das accións correctoras é unha peza fundamental para a integración das persoas que poidan ter necesidades específicas, permitíndolles desenvolver as súas tarefas de forma axeitada e segura.

Todas as nosas empresas contan cun Servizo de Prevención externo que realiza un recoñecemento médico individualizado. Este Servizo emite anualmente un informe epidemiolóxico que nos permite coñecer o

estado xeral de saúde e prever ou detectar se existe algunha patoloxía relacionada coas condicións laborais. Este Servizo tamén é o encargado de impartir formación inicial sobre riscos e medidas preventivas. O 100 % das traballadoras e traballadores reciben esta formación e ademais, segundo a lexislación vixente, todas e todos tamén dispoñen da información necesaria para desenvolver as tarefas relacionadas co seu posto de traballo.

	Índice incidencia ATCB ⁹ % Total	Índice incidencia ATCB % Mulleres	Índice incidencia ATCB % Homes
Accede Social	1,22 %	2,86 %	0 %
Coregal	10,43 %	7,41 %	10,87 %
Dixardín	31,34 %	27,27 %	32,14 %
Galega de Economía Social	0 %	0 %	0 %
Grafinco	7,14 %	0 %	10 %
Hornos de Lamastelle	7,48 %	0 %	11,27 %
Integratex	8,33 %	10,53 %	0%
Trameve	0 %	0 %	0 %



⁹- Índice de incidencia ATCB %: é a % de accidentes de traballo con baixa respecto ao número total de persoas traballadoras.



COGAMI Empresarial conta ademais cun equipo interno de Prevención de Riscos Laborais que utiliza nas empresas un sistema de Xestión da Seguridade e Saúde baseado na norma ISO 45001, a pesar de non estar certificado nesa norma. Este sistema permítenos organizar e facer un seguimento de todas as actividades que e realizan nas empresas como formación específica, formación laboral ou revisión periódica do estado das instalacións. É importante destacar que, pola súa actividade, Coregal si conta coa certificación ISO 45001 en materia de seguridade e saúde laboral, sendo auditada externamente con periodicidade anual.

A continuación, móstranse os datos relativos ás empresas nas que se produciu un accidente no 2023. Durante o ano rexistráronse un total de 56 accidentes con baixa, todos eles considerados leves salvo 1 de carácter grave.


As principais causas dos accidentes que suceden, tendo en conta tanto os que supoñen baixa laboral como os que non, prodúcense principalmente por golpes (52 %), sobre esforzos (21 %), cortes leves con ferramenta (12 %) e picaduras (7 %). O 4 % dos accidentes ocorridos foron *in itinere*, o 3 % por queimaduras por contacto con altas temperaturas e o 1 % a atrapamentos en máquinas.

[403-1, 403-2, 403-3,403-4, 403-5, 403-8]

EMPRESAS	Índice de gravidade ¹⁰	Índice de frecuencia ¹¹
Accede Social	1,08 %	7,38 %
Coregal	4,12 %	60,77 %
Dixardín	7,77 %	182,42 %
Galega de Economía social	0 %	0 %
Grafinco	8,04 %	44,69 %
Hornos de Lamastelle	1,29 %	44,24 %
Integratex	1,53 %	68,13 %
Trameve	0,49 %	0 %

¹⁰– O índice de gravidade representa o número de xornadas non traballadas a causa dos accidentes acontecidos en xornadas de traballo, por cada mil horas traballadas. Estes datos están calculados en base ao número de persoas traballadoras por empresa.

¹¹– O índice de frecuencia é o número de accidentes en xornada de traballo con baixa acontecidos por cada mil de horas traballadas. Estes datos están calculados en base ao número de persoas traballadoras por empresa.



CAPÍTULO

Gobernanza

6.1

ÓRGANOS DE GOBERNO

A estrutura de gobernanza de COGAMI Empresarial é a seguinte: existe un Consello de Administración que é o órgano de representación e administración. Os estatutos do Grupo empresarial recollen que ningún dos postos que compoñen o Consello de Administración ten remuneración.

A nivel de xestión, son 6 as direccións corporativas existentes en COGAMI Empresarial. Ao longo do 2023 produciuse un cambio na Dirección de Recursos Humanos, posto que ocupa Ana Traba dende setembro do mesmo ano, manténdose así a paridade neste nivel organizativo.

Respecto ás Unidades de Negocio, cada unha das empresas está encabezada por unha Xerencia responsable da operativa diaria.

Consello de Administración do Grupo COGAMI Empresarial

Presidente:
Anxo Queiruga Vila

Conselleiro delegado e secretario:
Víctor Silva Suárez


Vicepresidente:
Álvaro García Bustelo

Vogal:
Ramón Sestayo Lestón

Vogal:
José Luis Costoya Quintela

Vogal:
José Luis Lolo Celeiro

Vogal:
Paulo Fontán Torreiro



O **22 %** DAS XERENCIAS DAS EMPRESAS QUE CONFORMAN O GRUPO ESTÁN DIRIXIDAS POR MULLERES



O **50 %** DAS DIRECCIÓNS CORPORATIVAS ESTÁN OCUPADAS POR MULLERES

[2-9-a, 2-9-b, 2-9-c, 405-1]

6.2

ORGANIGRAMA ANO 2023

Presidencia

Presidente

ANXO QUEIRUGA

Consello de Administración

Conselleiro delegado

VÍCTOR SILVA

Vogal

PAULO FONTÁN

Vogal

JOSÉ LUÍS COSTOYA

Vicepresidente

ÁLVARO GARCÍA

Vogal

JOSÉ LUÍS LOLO

Vogal

RAMÓN SESTAYO

Persoal directivo

Director xurídico

JUAN ACEVEDO

Director económico financeiro

JUAN SUÁREZ

Directora de negocio

ROSA M^a GUTIÉRREZ

Directora de comunicación e relacións institucionais

MARÍA ACUÑA

Directora de RR.HH.

ANA TRABA

Director de sistemas e novas tecnoloxías

DAVID PESQUEIRA

Directora de Asesoría Laboral

NAIARA GOICOCHEA

Xerencias

Accede Social

SILVIA ALENDE

Alentae

HERMINIO MARTÍNEZ

Coregal

ANTONIO PENA

Dixardin

CARLOS IGLESIAS

Grafinco

ALEJANDRO ROUCO

Hornos Lamastelle

MANUEL SANTOS

Integratex


YOLANDA VIÑA

Trameve e Cualicar

LUÍS PENIDO

6.3

ÉTICA E BO GOBERNO




Dende o ano 2018, COGAMI e o seu Grupo empresarial conta cun Programa de Cumprimento Normativo (*Corporate Compliance*), a través do cal a nosa Organización adáptase ás esixencias introducidas pola última reforma do Código Penal¹² en relación coa responsabilidade penal das persoas xurídicas.

O Código de Conduta e Boas Prácticas

Corporativas ten por peza basilar o principio de dilixencia debida, é dicir, que cada quen, na súa responsabilidade, deberá facer todo o que estea nas súas mans para previr, denunciar e erradicar calquera tipo de conduta contraria a dereito ou que dane os seus contidos ou os do Código Ético. A tal fin, este Código dispón dun conxunto de principios fundamentais que rexen o xeito no que COGAMI desempeña as súas tarefas. Para acadar ese obxectivo, o Programa de Cumprimento Normativo de COGAMI apóiase nos seguintes instrumentos:

- Un Manual de prevención e resposta ante o delito que inclúe, dunha banda a análise de riscos penais relativos ás distintas áreas de actividade de COGAMI, coa valoración da súa potencial gravidade e as súas consecuencias xurídicas (mapa de riscos) e, doutra banda, medidas e protocolos de prevención e resposta ante delitos e graves infraccións administrativas.
- Normas, protocolos e procedementos de actuación específicos para cada ámbito de actividade.
- Sistema de Xestión Informatizada do Cumprimento (SXIC), que permite individualizar responsabilidades mediante o seguimento dos procesos de decisión e capturar evidencias, acoutando os espazos de actuación responsable.
- Un Comité de Cumprimento Normativo e unha canle de denuncias.
- A formación continua da directiva, as persoas con mandos intermedios, as persoas traballadoras e colaboradoras.



Número de incidencias recibidas durante o ano 2023: **6**

¹²- Lei Orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

Este **Programa de Cumprimento Normativo** está apoiado pola Xunta Directiva, abrangue a toda a Organización e está a disposición pública na propia *web* de COGAMI¹³. Nel establécese o compromiso e procedementos de dilixencia debida respecto a: o respecto aos dereitos humanos e dereitos fundamentais das persoas traballadoras, en especial á inclusión laboral das persoas con discapacidade; a oposición a calquera tipo de discriminación por razón de discapacidade, sexo, raza, etnia, orientación sexual, relixión, lingua, posición ideolóxica ou nacionalidade; o compromiso de cumprir as normas e os protocolos de seguridade e saúde no traballo; o firme rexeitamento do branqueo de capitais e a utilización de paraísos fiscais; e a integridade que se debe manter nas relacións económicas e comerciais así como a relación con outros organismos e entidades públicas.

Por outra banda, contamos cun **Protocolo de Prevención e Actuación do Acoso no Traballo** que reconece: o dereito á igualdade, á dignidade da persoa, ao libre desenvolvemento da personalidade así como á non discriminación no traballo. As empresas de COGAMI Empresarial están obrigadas a garantir a seguridade e saúde das persoas traballadoras adoptando cantas medidas sexan necesarias para tal fin.

Este protocolo pretende dar resposta ás necesidades que poidan ser detectadas en COGAMI, e dotar dun instrumento que permita previr condutas susceptibles de ser consideradas como: acoso laboral, sexual ou por razón de sexo no ámbito laboral; nos casos que se produzan denuncias por tal motivo, dando así

cumprimento ao deber que como entidade temos de detectar e avaliar os riscos no traballo, establecendo o procedemento de actuación que permita aclarar a presenza dun presunto acoso, adoptando as medidas preventivas ou reparadoras oportunas.



¹³– Enlace ao Programa de Cumprimento Normativo: <https://www.cogami.gal/conecenos/modelo-xestion/programa-de-cumprimento-normativo-canal-responsable/>

6.4

ASPECTOS MATERIAIS


COGAMI Empresarial leva a cabo de xeito periódico unha análise da súa materialidade que, por razóns operativas e de eficiencia, realízase cada dous exercicios¹⁴. Esta ferramenta permite identificar aspectos chave para COGAMI Empresarial coa finalidade de seguir mellorando na súa xestión.

Este traballo realizouse a partir do disposto na nova Directiva 2022/2464 sobre presentación de información sobre sostibilidade por parte das empresas (CSRD), que promove avanzar cara á unha análise da dobre materialidade nas organizacións. Deste xeito, ademais de coñecer a importancia que teñen para os nosos Grupos de Interese determinados aspectos relacionados coa actividade de COGAMI Empresarial, tamén se realizou unha valoración dos riscos asociados que estes mesmos aspectos representan na actividade do propio Grupo empresarial.

PROCESO DE REALIZACIÓN DA ANÁLISE DE MATERIALIDADE

Para a realización desta análise, tivéronse en conta tanto os impactos positivos como negativos da Organización no medio ambiente, as persoas, a economía e a sociedade en xeral. A análise de materialidade realizada fai referencia a COGAMI Empresarial como conxunto de

empresas, recollendo os principais aspectos relevantes que afectan a todas as Unidades de Negocio de forma transversal, pero tamén a aqueles asuntos que, polo sector e modelo de negocio propio dalgunhas das empresas, teñen unha especial relevancia específica¹⁵.




A análise de materialidade é o proceso que se leva a cabo dentro dunha organización para identificar e definir os impactos sociais, económicos e ambientais desta e como inflúen nas súas relacións cos seus Grupos de Interese, permitindo formular estratexias a medio e longo prazo que favorezan a continuidade e sostibilidade da actividade no tempo.


¹⁴– A análise de materialidade que se recolle aquí realizouse no último trimestre do 2022. O vindeiro estudo levarase a cabo durante o 2024.

¹⁵– Ver anexo 9.1: peso específico dos aspectos materiais por Unidade de Negocio.

[3-1-a, 3-2-b]



Matriz de dobre materialidade de COGAMI Empresarial






CAPÍTULO

Contribuímos
a xerar valor

GRUPOS DE INTERESE

Como parte integrante do sector da Economía Social e coa finalidade fundamental de xerar impactos positivos na sociedade, é fundamental que COGAMI Empresarial teña identificados e comprendidos a aqueles actores cos que mantemos relacións máis estreitas e interdependentes. Así mesmo, é determinante promover unha comunicación bidireccional que facilite o intercambio fluído de información cos nosos Grupos de Interese.

Os medios de comunicación e as canles de información que utilizamos son de natureza diversa e variada, adaptados ao contexto e ás partes coas que nos relacionamos. Algúns exemplos inclúen o diálogo continuo a través de reunións periódicas, a implantación dun sistema de *Compliance*, cunha canle específica de reclamacións, o portal de empregadas e empregados, boletíns, enquisas, entrevistas e grupos de discusión, así como a nosa participación en foros, ademais desta Memoria.



Perfil	Definición	Canle de comunicación
Persoas traballadoras	Todas as persoas que forman parte de COGAMI Empresarial, xa sexa dentro da estrutura das nosas empresas ou realizando actividades para terceiros.	Boletín de novas Portal da/o empregada/o Canle de denuncias Espazos de consultas e demandas (enquisas, entrevistas, grupos de discusión)
COGAMI Social	COGAMI Empresarial está ligada de forma directa co movemento asociativo de COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade), entidade social que ten como obxectivos: a plena inclusión das persoas con discapacidade e a defensa e promoción dos seus dereitos, sendo a creación de emprego a panca esencial para o cambio social.	Consello de Administración Reunións periódicas Servizo de Emprego de COGAMI: Servizo de Intermediación Laboral (SIL)
Administracións públicas	Entidades públicas de diferentes niveis coas que temos relación á hora de incidir sobre a mellora da realidade das persoas con discapacidade.	Reunións periódicas Consultas técnicas
Familias	A realidade dalgunhas persoas que traballan na Organización fai que o contacto coas súas familias sexa algo imprescindible, máis alá da relación laboral, para que a mellora na súa calidade de vida sexa real.	Reunións periódicas
Cientes	Calquera persoas ou entidade, pública ou privada, que adquira un produto ou servizo xerado por algunha das nosas empresas.	Reunións periódicas Entrevistas de valoración Canle de denuncias Memoria anual Redes sociais
Alianzas e colaboracións	Entidades ou organizacións coas que xorden alianzas coa finalidade de crear valor compartido para as diferentes partes.	Reunións periódicas Memoria anual
Ecosistema da Economía Social	Agrupacións e asociacións ligadas á Economía Social coas que compartimos obxectivos e un fin común como a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e o Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal).	Reunións periódicas Memoria anual Participación en foros e eventos
Centros de coñecemento	Principalmente universidades e centros tecnolóxicos ou de investigación cos que se dan accións de transferencia de coñecemento.	Participación en foros e eventos Memoria anual Convenios de prácticas
Empresas provedoras	Empresas ás que os diferentes CEEIS compran ou contratan os seus servizos.	Reunións periódicas Canle de denuncias Memoria anual



7.2

REDE DE CREACIÓN DE VALOR


Un ano máis subliñamos o noso compromiso como Grupo empresarial en promover a inclusión e xerar un impacto positivo na nosa Comunidade. Para a Organización é vital complementar este labor de sensibilización e normalización mediante a colaboración con outras institucións e entidades da Economía Social, co obxectivo final aportar á consecución dunha sociedade máis xusta e diversa. Así, seguimos formalizando convenios de colaboración, participando en foros e promovendo proxectos conxuntos con diferentes axentes como a sociedade civil, entidades públicas, centros educativos e de coñecemento ou outras iniciativas privadas, para fomentar a creación de valor e coñecemento en conxunto.

Con respecto á creación de valor, hai que destacar que a colaboración activa con centros de formación e coñecemento enriquecéonos mutuamente. Proba diso é que no período que abrangue esta Memoria de Sostibilidade, acollemos a un total de 23 persoas en diferentes programas de formación.



Persoas en prácticas

23



Horas totais de prácticas

5.037 h




Convenios de colaboración realizados con centros formativos

11

En 2023 mantivemos acordos de colaboración cos seguintes centros formativos, agrupacións e asociacións:

- **Cáritas.**
- **UTE EDUCATIC GAP PUE S. L.**
- **Cruz Vermella.**
- **CERMI Galicia.**
- **E.F.A. Fonteboa Centro de Promoción Rural.**
- **Escola de negocios Galicia Business School.**
- **Universidade da Coruña (UDC).**
- **Universidade de Santiago de Compostela (USC).**



2023: UN ANO DE ACTIVIDADE SOCIAL

FEBREIRO

Coregal participa no II Congreso EDA de Sostibilidade, impulsado por VIRATEC, como exemplo de caso de éxito e boas prácticas na xestión de residuos.

ABRIL

Trameve aparece na campaña de "Compostela Somos Cultura" como espazo de gravación do fotógrafo Iván Barreiro.



SETEMBRO

Galega de Economía Social participa no III Foro de Gadis coas entidades sociais de Galicia e Castela e León para afondar nos retos ambientais que deben asumir estas organizacións.



62

2023



MARZO

Dixardín traslada a Carballo o "Xardín de Rosalía", cedido polo Concello de Allariz e inaugurado no Día da Poesía e da Arbore.

Galega de Economía Social participa no *networking* "Galicia Empresas" promovido pola Xunta de Galicia poñendo en valor a innovación social como panca para o benestar social.

XUÑO

Hornos de Lamastelle participa na VI Xornada de RSE de Vegalsa-Eroski como exemplo de provedor responsable e de confianza.

COGAMI Empresarial participa na Asemblea do Foro pola Economía Social Galega (Foroesgal) que reuniu en Santiago de Compostela a máis de 200 profesionais do sector.

2023

OUTUBRO

Continuamos participando nos congresos e grupos de traballo da EASPD (*European Association of Service providers for People with Disabilities*) como ferramenta de incidencia política en favor das persoas con discapacidade en Europa.



NOVEMBRO

Dixardín participa no Programa Capacidad@mente favorecendo a práctica profesional de 3 persoas. Un proxecto impulsado pola Consellería de Sanidade e Cegasal, co apoio de Janssen, dirixido a facilitar a inclusión laboral de persoas con trastorno mental severo.



NOVEMBRO

O proxecto "Orixe Salgado", no que participou **Galega de Economía Social**, baseado na creación de produtos de economía circular tomando as algas como materia prima, leva o 1º premio da convocatoria de "O noso Reto Solidario", promovido pola Fundación Botín e Fundación Roberto Rivas.

COGAMI Empresarial participa en Talenta Summit '23 poñendo en valor o emprego inclusivo.

DECEMBRO

Trameve recibe o premio Excelencia Empresarial na categoría de "Boas prácticas de empresas de Economía Social".



7.4

O NOSO COMPROMISO AMBIENTAL

A finalidade que perseguen todas as iniciativas vencelladas a COGAMI Empresarial é firme e clara: contribuir e engadir valor a crear comunidades máis xustas, inclusivas e saudables para todas as persoas. Por iso, especialmente tendo en conta o contexto actual no que afrontamos unha emerxencia ambiental e climática, é fundamental reforzar o compromiso e esforzo por integrar a perspectiva ambiental en toda a nosa cultura organizativa e nos modelos de negocio.

É o propio Código de Conduta e Boas Prácticas Corporativas de COGAMI o que establece que todas as políticas a aplicar dentro das distintas empresas deben basearse nos principios do desenvolvemento sostible. Nesta liña, a Organización marcou como obxectivo, no marco do Plan Estratéxico 2023- 2026, a aprobación dunha Estratexia de Sostibilidade Ambiental conxunta, establecendo obxectivos e directrices de actuación comúns así como accións de mellora axustadas á realidade e ao sector de cada empresa. Esta nova Estratexia de Sostibilidade Ambiental permitiranos aliñar esforzos, potenciar e replicar as boas prácticas que xa se están levando a cabo na actualidade.

Dende o inicio, COGAMI Empresarial conta con empresas cuxa actividade principal está directamente relacionada coa economía circular, coa reciclaxe e a reutilización de materiais, así como coa xestión e coidado dos espazos verdes. Sectores nos que as iniciativas de Economía Social levan traballando dende hai tempo e acumulan anos de experiencia.

Coregal, empresa con máis de 30 anos de experiencia no sector ambiental e catro ecoplantas distribuídas por todo o territorio galego, ofrece servizos de xestión de residuos sólidos tanto urbanos como industriais, contribuíndo a garantir a súa trazabilidade e valorización na propia cadea de valor.



Trameve, Coregal e Dixardín contan coa certificación ISO 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental. Ademais, Grafinco conta coa certificación FSC que garante a sostibilidade do papel e o cartón que utiliza como materia prima.

COGAMI EMPRESARIAL

LIÑAS DE NEGOCIO NO SECTOR AMBIENTAL



- Opera como empresa autorizada na xestión e valorización de residuos non perigosos.
- Á parte da propia xestión do residuo, tamén ofrece asesoramento a cliente/clienta público e privado, e promove campañas de sensibilización ambiental.




- Modelo de negocio baseado en dar unha segunda vida ás pezas de vehículos fóra de uso.
- A xestión dos vehículos fóra de uso faise seguindo estritos parámetros ambientais e de separación.



- A súa principal actividade é a xestión e coidado de espazos verdes, moitos deles de titularidade pública.
- Ofrece asesoramento para a renaturalización de espazos e leva a cabo diversidade de obradoiros e xornadas de capacitación e sensibilización.

Estas tres empresas contan coa certificación ISO 9001 en Sistemas de Xestión de Calidade e a 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental

Cifras de Coregal




Coregal xestiona
37.577 t
 de residuos ao ano




O **98,5 %** dos residuos
 xestionados por Coregal
 valorízanse

Tipos de residuos xestionados



TONELADAS DE RESIDUO XESTIONADAS POR COREGAL POR TIPOLOXÍA



RESIDUOS XESTIONADOS POR PLANTA 2023

Cifras de Trameve

Trameve, como Centro Autorizado de Tratamiento de Vehículos (CATV), debe velar por la correcta gestión de aquellos vehículos que llegan al final de su vida útil, por la adecuada descontaminación y desmontaje de los mismos y por garantizar la trazabilidad de aquellas piezas que, una vez seleccionadas y catalogadas, puedan ponerse de nuevo en el mercado.




Nº de vehículos
gestionados

404 vehículos



Residuos no peligrosos
gestionados **449 t**



Nº de piezas vendidas

12.227 unidades



Residuos peligrosos
gestionados **6,9 t**


[2-15-a, 306-4]

MEDIR PARA PODER MELLORAR

En COGAMI Empresarial asumimos dende hai tempo a necesidade de traballar de xeito constante para que a actividade das nosas empresas sexa o máis respectuosa posible co medio que nos rodea, esforzándonos por reducir os impactos negativos e contribuir a manter un ambiente saudable.

Nesta Estratexia de Sostibilidade Ambiental que aplicará a todo COGAMI páttese da base de que para acadar resultados e obxectivos de mellora é preciso coñecer a situación de partida e identificar as liñas prioritarias de actuación.

Neste senso, COGAMI Empresarial comezou a medir a pegada de carbono de tres das súas empresas en 2022 (Accede Social, Coregal, Dixardín), (Grafinco e Trameve), ampliándose a cinco durante o 2023 (Grafinco e Trameve).



Son 3 as liñas de acción dirixidas a diminuír emisións:



Realizar campañas de sensibilización e eficiencia enerxética para todo o persoal.



Revisar as instalacións e colocar sistemas eléctricos máis eficientes e apostar pola colocación de paneis solares ou compra de enerxía limpa.




Adquirir vehículos e maquinaria máis eficientes e, se a operatividade do servizo o permite, tecnoloxía eléctrica ou de gas.

Para o cálculo da pegada de carbono tiveronse en conta as emisións de Alcance 1 e 2:


- **Alcance 1 (Emisións directas):** emisións debidas á combustión de gasóleo en vehículos ou noutros motores de combustión. Tamén se inclúen aquí as emisións fuxitivas derivadas das recargas de gases de refrixeración.
- **Alcance 2 (Emisións indirectas):** consumos eléctricos nos centros de traballo.

	Accede		Coregal		Dixardín		Grafinco		Trameve	
	Emisións (t CO ₂ eq)	%	Emisións (t CO ₂ eq)	%	Emisións (t CO ₂ eq)	%	Emisións (t CO ₂ eq)	%	Emisións (t CO ₂ eq)	%
Alcance 1	296,95	99 %	1.675,95	94 %	156	99 %	8,16	43 %	7,45	43 %
Alcance 2	2,13	1 %	109,3	6 %	1,56	1 %	10,77	57 %	9,87	57 %
Total	299,08	100 %	1.785,25	100 %	157,56	9 %	18,93	100 %	17,32	100 %
Cociente: Toneladas de CO₂eq/persoa/ ano	4,04		9,3		2,58		1,45		1,23	

Os datos para o cálculo da pegada de carbono toman de referencia o período 2022




CONSUMO ELÉCTRICO DE COGAMI EMPRESARIAL DURANTE O ANO 2023 (QW/H)



Hornos de Lamastelle (62%) e Coregal (28%) realizan o 90% do consumo enerxético de COGAMI Empresarial polo tipo de maquinaria industrial utilizada nas súas instalacións. Co obxectivo de reducir a dependencia enerxética, Coregal instalou a finais de 2022 paneis solares nas súas ecoplantas de Santiago de Compostela e Boiro, xerando aforros económicos e menor consumo da rede.

Tamén se están realizando esforzos na renovación da actual frota de vehículos cara á outra máis eficiente e, sempre que a tecnoloxía existente permita dar o servizo para o que se vai destinar ese vehículo, apostar por motores eléctricos ou combustibles alternativos. Este camiño cara á renovación do parque de vehículos require grandes esforzos de investimento, polo que se está a abordar de

xeito gradual. Accede Social incorporou 1 novo vehículo, minibús para o transporte adaptado, e Coregal adquiriu 5 turismos e furgonetas, un deles eléctrico, e 4 camións, compactadores e portacolectores, todos con tecnoloxía GNC (Gas Natural Comprimido).



% de autoconsumo eléctrico grazas á enerxía solar en	Ecoplanta	%
Coregal durante 2023	Ecoplanta de Santiago de Compostela	35 %
	Ecoplanta de Boiro	34 %

[3-3-d, 305-1, 305-2]

	Nº total de vehículos	Distribución por tipo de motor	
Accede Social	38	Euro 4	32 %
		Euro 5	13 %
		Euro 6	55 %
Coregal	81	EURO 1	4 %
		EURO 2	10 %
		EURO 3	14 %
		EURO 4	19 %
		EURO 5	20 %
		EURO 6	28 %
		GNC Eléctrico	5 % 1 %
Dixardín	31	EURO 3	6 %
		EURO 4	45 %
		EURO 5	19 %
		EURO 6	29 %

7.5


CONTRIBUÍNDO AOS OBOXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



Froito da nosa propia natureza, estratexia e compromiso, desenvolvemos as nosas actividades atendendo a criterios de responsabilidade social e sostibilidade. O Propósito de COGAMI é, como xa se apuntou anteriormente, conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, Propósito e Valores intimamente ligados aos da Axenda 2030 de Nacións Unidas.




Dende COGAMI Empresarial queremos ir máis aló na consecución do propio Propósito, favorecendo a igualdade de xénero e oportunidades, a produción responsable e o consumo, traballando para reducir o impacto ambiental das nosas actividades empresariais ou fomentando alianzas para xerar impactos positivos na comunidade.




Deste xeito, do total dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) existentes, dende COGAMI Empresarial contribuímos de forma especialmente activa a varios dos mesmos.

Os ODS enmárcanse na Axenda 2030 aprobada pola Organización de Nacións Unidas (ONU) en 2015, substituindo aos Obxectivos do Milenio, co fin de establecer pautas que favorezan poñer fin á pobreza, protexer o planeta e garantir a paz e a prosperidade de todas as comunidades. Froito desta pretensión, definíronse os 17 ODS, concretando as metas específicas de cada un deles, así como atendendo aos retos presentes e futuros a nivel global.

ODS	Meta	Contribuímos
 <p>5 IGUALDAD DE GÉNERO</p>	<p>META 5.5: asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Existencia dun Protocolo contra o acoso en toda a Organización. 4 das nosas empresas contan cun Plan de Igualdade. A metade das direccións corporativas están ocupadas por mulleres. 33 % das xerencias lideradas por mulleres. Realízanse convenios cos CIMS para impulsar a incorporación de perfís femininos. Promóvese a incorporación de mulleres a postos tradicionalmente masculinizados (condución ou xardinería).

ODS	Meta	Contribuímos
 <p>7 ENERGÍA ASEQUIBLE Y NO CONTAMINANTE</p>	<p>META 7.2: de aquí ao 2030, aumentar a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Cóntase con placas fotovoltaicas en dúas das ecoplantas de Coregal: Santiago de Compostela e Boiro. O nivel de autoconsumo é do 35 % e 34 % respectivamente sobre a enerxía total consumida. • Dispónse dun vehículo eléctrico na frota de Coregal. • Diferentes empresas de COGAMI Empresarial miden a súa pegada de carbono co obxectivo de medir os consumos, mellorar na eficiencia e traballar en reducir o noso impacto medio ambiental. • Tanto COREGAL como Accede Social realizan investimentos anuais co propósito de renovar a súa frota e que sexa máis eficiente e con menores emisións. 4 camións adquiridos por Coregal con tecnoloxía GNC (Gas Natural Comprimido).
 <p>8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO</p>	<p>META 8.2: acadar niveis máis elevados de produtividade económica a través da diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas, focalizándose nos sectores con grande valor engadido e un uso intensivo da man de obra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Hornos de Lamastelle abordou a renovación dos seu silos de fariña co apoio da Fundación Carrefour. Un proxecto que contribuíu á mellora da eficiencia dos procesos produtivos, baixada de custos e impactos positivos na redución do desperdicio alimentario. • Coregal continúa potenciando acordos comerciais con distintas empresas fabricantes e provedoras de solucións de sensotrónica. • Grafinco, máis de 100.000 € en investimentos para mellorar maquinaria e ofrecer novos servizos. • Importantes investimentos en renovar a frota de vehículos en Accede Social (87.000 €) e Coregal (676.887 €).
	<p>META 8.4: mellorar progresivamente, de aquí ao 2030, a produción e o consumo eficiente dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre modalidades de Consumo e Producción Sostibles, comezando polos países desenvolvidos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Trameve, Coregal e Dixardín posúen a certificación ISO 14001 en Sistemas de Xestión Ambiental. • Grafinco posúe o certificado FSC que garante que a materia prima coa que traballa provén de bosques con xestión forestal sostible.

ODS	Meta	Contribuímos
 <p>8 TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO</p>	<p>META 8.5: de aquí ao 2030, acadar o pleno emprego e produtivo, e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluída a mocidade e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo do mesmo valor.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • COGAMI Empresarial conta con 9 iniciativas empresariais nas que traballamos 541 persoas, o 86 % con algunha discapacidade. • COGAMI Empresarial incrementou nun 8 % o número de persoas traballadoras respecto a 2022. • 80 % dos contratos son indefinidos. • 10,4 millóns de euros destinados a pago de nóminas.
